

# **G2202042 - Xornada de formación para os centros PROA + (itinerario B) sobre o deseño e implementación dun Plan Estratéxico de Mellora no curso 2022/2023**

Santiago de Compostela  
17 de xaneiro  
de 2023

# PROA+: normativa e principios pedagógicos.

**Santiago Sobrino Josenje  
(Inspector de Educación)**

# PROA+: normativa

**Resolución do 10 de setembro de 2021,** da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación do 21 de xullo de 2021, polo que se aproba a proposta de distribución territorial e os criterios de repartición dos créditos xestionados por Comunidades Autónomas destinados ao Programa de cooperación territorial para a orientación, avance e enriquecemento educativo en centros de especial complexidade educativa (programa PROA+), no exercicio orzamentario 2021, no marco do compoñente 21 «Modernización e dixitalización do sistema educativo, incluída a educación temperá de 0-3 anos», do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. (BOE 23/09/21)

## PROA+: normativa

Dentro das **políticas panca do Plan de Recuperación**, concretamente na panca VII, referida á educación e coñecemento, formación continua e desenvolvemento de capacidades, inclúese o **Compoñente 21: Modernización e dixitalización do sistema educativo**, incluída a Educación temperá de 0 a 3 anos, en cuxo marco, o Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) vai desenvolver o programa de cooperación territorial para a orientación, avance e enriquecemento educativo en centros de especial complexidade educativa (programa PROA+)

## PROA+: normativa

- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello deo 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación

## PROA+: normativa

A sociedade española do século XXI ten a convicción de que é necesario mellorar a calidade da educación, e que este beneficio debe chegar a toda a cidadanía, **sen ningún tipo de exclusión**. Existe a firme crenza de que **calidade e equidade son conceptos inseparables** e que, tal e como se constatou en diferentes avaliacións internacionais, ambos os principios son compatibles e non deben considerarse obxectivos antagónicos.

O principio fundamental no que se sustenta a LOMLOE é o de **proporcionar unha educación de calidade a toda a cidadanía**, en todos os niveis do sistema educativo. Tras conseguir que toda a cidadanía estea escolarizada ata os dezaseis anos de idade, **o obxectivo** agora consiste en **mellorar os resultados xerais e en reducir as altas taxas de alumnado sen titulación ao finalizar a educación básica, así como o abandono escolar temperán**

# PROA+: normativa

Conseguir que todos os cidadáns e cidadás alcancen o **máximo desenvolvemento** posible das súas **capacidades individuais, sociais, intelectuais, culturais e emocionais**, para o que necesitan recibir unha **educación de calidade** adaptada ás súas necesidades. Ao mesmo tempo débeselles prestar os necesarios **apoios**, tanto ao alumnado que os requira como aos centros nos que se atopan escolarizados, co fin de garantir unha igualdade efectiva de oportunidades. Para iso é necesario un **esfuerzo compartido** das familias, o profesorado, os centros docentes, as Administracións educativas e a sociedade no seu conxunto.

# PROA+: normativa

Na Resolución do Consello da **Unión Europea** 2021/C/66/01 relativa a un marco estratéxico para a cooperación europea en educación e formación con miras cara ao Espazo Europeo de Educación e máis aló (2021 – 2030), establécese como **prioridade estratéxica** para a próxima década **mellorar a calidade, a equidade, a inclusión e o éxito** para todos na educación e formación.

Para a UE, a visión da calidade na educación e a formación fai que o dominio das **competencias crave**, incluídas as destrezas básicas, sexan bases fundamentais para o éxito futuro, apoiado por profesorado, educadores e educadoras altamente cualificados e **motivados**, así como por outros profesionais da educación. **O abandono temperán da educación supón unha diminución nas oportunidades socio/económicas da poboación.**



# PROA+: normativa

Na Resolución do Consello da **Unión Europea** 2021/C/66/01 relativa a un marco estratéxico para a cooperación europea en educación e formación con miras cara ao Espazo Europeo de Educación e máis aló (2021 – 2030), establécese como **prioridade estratéxica** para a próxima década **mellorar a calidade, a equidade, a inclusión e o éxito** para todos na educación e formación.

Para a UE, a visión da calidade na educación e a formación fai que o dominio das **competencias crave**, incluídas as destrezas básicas, sexan bases fundamentais para o éxito futuro, apoiado por profesorado, educadores e educadoras altamente cualificados e **motivados**, así como por outros profesionais da educación. **O abandono temperán da educación supón unha diminución nas oportunidades socio/económicas da poboación.**

# PROA+: normativa

Deben continuar os **esforzos para reducir o abandono temperán** da educación e que máis mozos consigan unha cualificación de educación secundaria posobrigatoria. Por outra banda, aínda que os sistemas educativos foron capaces de **mellorar os resultados**, segue pendente a **identificación das políticas que promoven o éxito educativo** de todo o alumnado. Por tanto, deben ser adoptadas medidas para asegurar a formación e o **éxito escolar do alumnado vulnerable**, nun sentido global e nunha perspectiva de aprendizaxe permanente.


## PROA+: normativa

A UE estableceu, entre outros, os seguintes **indicadores** a alcanzar:

- O alumnado de 15 anos con baixo rendemento en comprensión lectora, matemáticas e ciencias debe ser menor do 15% en 2030.
- O alumnado de 15 anos con baixo rendemento en competencia dixital debe ser menor do 15% en 2030.
- O alumnado con **Abandono Temperán da Educación** debe ser menor do 9% en 2030.

# PROA+: normativa

En Galicia a redución da taxa de abandono escolar ano 2021 (nun **8,1%** fronte ao 25,8% de media de 2009).



## PROA+: normativa

A **flexibilidade do sistema educativo** leva emparellada a concesión dun espazo propio de **autonomía** a os centros docentes. A esixencia de proporcionar unha educación de calidade a todo o alumnado, tendo en conta a **diversidade de intereses, características e situacións persoais**, obriga a recoñecer aos centros unha capacidade de decisión que afecta tanto á súa organización como ao seu funcionamento.

## PROA+: normativa

**Algúns centros**, pola súa localización e pola distribución escolar da zona, teñen entre o seu alumnado un volume elevado de **mozos pertencentes a contornas socio/culturais cunha clara desvantaxe educativa.**

Neste alumnado conflúen un amplo conxunto de factores:

- ✓ Baixo nivel de formación das familias.
- ✓ Descoñecemento do sistema educativo e/o falta de expectativas educativas, sociais e laborais.
- ✓ Con frecuencia engádense outras circunstancias que xeran dificultades para os centros, como o descoñecemento da lingua de aprendizaxe, a escasa integración social ou a escolarización previa curta e/ou de baixa calidade.

# PROA+: normativa

Os **centros deben adoptar medidas de diferentes tipos**, por exemplo:

- Organizativas que contribúan a facer viables os reforzos tanto en horario escolar como fóra del.
- Tutorías individualizadas.
- A co-docencia nas aulas.
- Medidas de atención á diversidade que propicien, simultaneamente, o avance de todo o alumnado.
- TEI.
- DUA

# PROA+: normativa

A **estabilidad e calidade do equipo docente**, así como a participación doutros profesionais da educación que resultan necesarios para emprender e dar continuidade a estratexias de actuación necesarias para a consecución dos **obxectivos do Plan estratéxico**, que debe contribuir a:

- ✓ **Mellorar o clima inclusivo do centro.**
- ✓ **A satisfacción de aprender e ensinar.**
- ✓ **Mellorar as expectativas sobre o futuro escolar de todos.**
- ✓ **Involucrar á contorna educativa na consecución do éxito escolar de todo o alumnado, e especialmente das familias.**



## PROA+: normativa

O Programa para a orientación, avance e enriquecemento educativo en centros de especial complexidade educativa **(Programa PROA+)**, que se desenvolverá durante o período 2021-2024, responde á necesidade de **mellorar o éxito escolar e garantir a permanencia do alumnado** naqueles centros sostidos con fondos públicos nos que se concentre unha porcentaxe elevada de mozas en clara situación de **vulnerabilidade socioeducativa**.

# PROA+: normativa autonómica

**Resolución do 14 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen as bases para a convocatoria de Contratos-programa Recupera-T no marco do Plan Recupera, dirixido a centros docentes públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22.

**INSTRUCCIÓN do 13 de xullo de 2022**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, para a desenvolvemento no curso 2022/23 do Programa para a orientación, avance e enriquecemento educativo en centros de especial complexidade educativa (Programa PROA+) nos centros docentes públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades seleccionados no curso 2021/22.

# PROA+: normativa autonómica

## Liñas de actuación

### 1. Contratos-programa Recupéra-T

Esta convocatoria porá en marcha medidas de reforzo docente a través de:

Programa PROA+ : Programa para a Orientación, Avance e Enriquecemento Educativo 2021-2024 cofinanciado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia.

### 2. Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL)

A rede estará constituída por un máximo de 32 centros no curso académico 2021/22, nos que se inclúen todos os centros públicos de educación infantil e primaria e de educación secundaria. Cada centro que forme parte da rede constituirá a Unidade de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (UACO).

No actual curso 2022/23 a rede está constituída por 42 centros.

# PROA+: normativa autonómica

## Apartado 6. Compromisos de carácter xeral

Os centros docentes seleccionados deberán:

1. Asumir o compromiso de poñer en marcha CP Recupéra-T nos niveis educativos solicitados e concedidos nos termos establecidos nesta resolución.
2. Asumir, no caso dos **centros seleccionados en PROA+**, o compromiso de deseño, aplicación, seguimento e avaliación dun **plan estratéxico de mellora para os cursos 2021/22, 2022/23 e 2023/24,** así como cumprir cos requisitos derivados da participación neste programa.
3. Cumprir coas **obrigas derivadas do cofinanciamento polo Fondo Social Europeo,** polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia, e con calquera outra que poida ser de aplicación.
4. Cumprir as **instrucións** da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional referentes á xestión do programa, que se publicarán na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/portal/planrecupera>.

## PROA+: normativa autonómica

5. **Avaliar as accións** e realizar un seguimento periódico das actuacións previstas nel e reflectir documentalmente as circunstancias e os resultados acadados nunha memoria final.
6. **Participar**, se así se establece, o equipo directivo e o profesorado implicado, tanto nas **actividades de formación** que se planifiquen desde a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, como en calquera outra que a Administración educativa determine.
7. Xestionar e custodiar a documentación necesaria para a xustificación da súa participación consonte co que estableza a Administración educativa.
8. Asumir a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer pública a información sobre as operacións financiadas polo FSE de acordo co estipulado no artigo 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013), así como sobre os programas cofinanciados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia.
9. Adoptar as medidas necesarias para garantir o apoio, o reforzo de competencias e a orientación do alumnado seleccionado, así como para garantir o desenvolvemento do Programa para a Orientación, Avance e Enriquecemento Educativo en calquera dos escenarios de formación posibles derivados da situación sanitaria ou doutra índole.

# PROA+: normativa autonómica

O Programa PROA+ estrutúrase ao redor de cinco liñas estratéxicas de actuación, inspiradas nos **principios pedagóxicos PROA+**, sobre as que os centros terán que focalizar as súas actividades panca

no F

Liñas estratéxicas	Ámbitos de actuación
Asegurar as condicións mínimas de educabilidade do alumnado.	Alumnado vulnerable
Apoiar o alumnado con dificultades para a aprendizaxe.	Alumnado vulnerable
Desenvolver actitudes positivas no centro	Actitudes no centro
Mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe daqueles aspectos das competencias básicas con dificultades de aprendizaxe.	Procesos de ensinanza-aprendizaxe
Aplicar novas formas de organización e xestión do centro orientadas a mellorar o éxito educativo de todo o alumnado, contemplando infraestruturas estratéxicas e a mellora da calidade e estabilidade do profesorado ou profesionais que participen no desenvolvemento do programa.	Centro e administración educativa



# PROA+: normativa autonómica

Estas liñas estratéxicas e ámbitos de actuación enmarcan unha serie de actividades panca a desenvolver no centro educativo. De todas elas, configúranse como **prescritivas** durante o curso 2022/23 as seguintes:

1. Para os centros que no curso 2021/22 conformaron o **itinerario A** (20% de centros que xa foron seleccionados no curso 2021/22 pola consellería):

a) o reforzo docente para a mellora e o éxito educativo do alumnado (A230 do catálogo do MEFP).

b) o Plan estratéxico de mellora iniciado no curso 21/22 e que debe estar rematado no 1º trimestre do curso 22/23.

c) unha actividade panca máis do catálogo de actividades panca do MEFP.

2. Para os centros que conformarán o **itinerario B** (70% de centros que serán seleccionados pola consellería no curso 2022/23):

a) o reforzo docente para a mellora e o éxito educativo do alumnado (A230 do catálogo do MEFP).

b) actividade panca de xestión do cambio: Plan estratéxico de mellora.

c) unha actividade panca máis do catálogo de actividades panca do MEFP.

3. Para o 10% de centros que conformarán o **itinerario C**:

a) o reforzo docente para a mellora e o éxito educativo do alumnado (A230 do catálogo do MEFP).

b) unha actividade panca máis do catálogo de actividades panca do MEFP.

# PROA+: normativa autonómica

## Quinta. Desenvolvemento do reforzo docente

1. **A selección do alumnado** deberá ser realizada polo equipo docente correspondente en coordinación co equipo directivo e coa persoa responsable do departamento de orientación.
2. Planificación da intervención no centro docente:
  - a) Recollerase a planificación e a avaliación do programa na **Programación Xeral Anual** (en adiante PXA) así como na memoria final. Se a PXA xa estivera aprobada, deberase aprobar unha modificación ou addenda desta que recolla a participación do centro no plan.
  - b) **Informarase as familias** do alumnado seleccionado da participación dos/das seus/súas fillos/as no programa, sendo o **profesorado titor** o responsable de trasladar esa información.



# PROA+: normativa autonómica

## Quinta. Desenvolvemento do reforzo docente

c) A intervención directa co alumnado integrárase, preferentemente, no **horario lectivo semanal do grupo-clase** e o seu obxectivo centrárase no **traballo e na mellora do rendemento académico** do alumnado que é obxecto destas instrucións. O horario do persoal docente estará destinado a esta intervención así como á atención e coordinación coas familias en colaboración coa persoa titora do grupo e baixo as directrices da xefatura de estudos.

O profesorado asignado realizará o **reforzo unicamente ao alumnado seleccionado en cada grupo-clase.**

d) Empregaranse **metodoloxías activas, participativas, cooperativas, apoios na aula e a adopción doutras medidas organizativas.**

e) A **avaliación do alumnado** será realizada polos docentes que imparten ensinanzas ao alumnado, oídas as valoracións do/a docente asignado/a ao programa, e desenvolverase de acordo coa lexislación vixente.

# PROA+: normativa autonómica

## Quinta. Desenvolvemento do reforzo docente

f) **O persoal docente asignado considerarase membro do claustro** e, polo tanto, debe participar nel tendo en conta os seus dereitos e as súas obrigas como docente.

g) O **profesorado asignado redactará unha memoria** para a súa inclusión na memoria do centro, especificando os aspectos máis relevantes do desenvolvemento do programa, xunto cunha valoración dos seus resultados.

Así mesmo, asinará toda a documentación vinculada ao financiamento por parte do Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

# PROA+: normativa autonómica

## Sexta. Compromisos

1. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades establecerá un acordo, formalizado a través da correspondente addenda do “Acuerdo/Compromiso para el éxito educativo de todo el alumnado en el marco del programa PROA+ 2021-2024”, con cada un dos centros educativos participantes no programa Proa+. Esta addenda contemplará os compromisos adquiridos por cada unha das partes.

Será **responsabilidade da dirección do centro o cumprimento do recollido nesta addenda,** así como a súa difusión entre a comunidade educativa informando o consello escolar e o claustro do seu desenvolvemento.

# PROA+: normativa autonómica

## Sexta. Compromisos

2. Os centros docentes comprométense a:

- a) **Cumprir as instrucións** da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa referentes á xestión, desenvolvemento, seguimento e avaliación do programa.
- b) **Establecer as medidas necesarias para a implementación do programa PROA+** no funcionamento ordinario do centro.
- c) Realizar unha **avaliación de resultados** a nivel global e de cada unha da actividade panca desenvolvidas segundo os modelos establecidos polo Ministerio de Educación e Formación Profesional para a xustificación do programa.

# PROA+: normativa autonómica

## Sexta. Compromisos

2. Os centros docentes comprométense a:

d) **Participar nas actividades de formación** que se deseñen tanto desde a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa como desde calquera outra Administración educativa.

Con carácter xeral, será necesaria a participación de, polo menos, un integrante do equipo directivo e do profesorado implicado na elaboración do Plan estratéxico de mellora.

e) **Xestionar e custodiar a documentación** necesaria para a xustificación da súa participación no programa consonte co que estableza a Administración educativa.

f) **Cumprir coas obrigas** derivadas do financiamento pola **Unión Europea** no marco do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e con calquera outra que poida ser de aplicación.

g) Asumir a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer **pública a información** sobre as operacións financiadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

# PROA+: normativa autonómica

## Sexta. Compromisos

3. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a:

a) **Realizar o asesoramento e apoio** necesario para a execución do programa a través de:

a.1) Os **servizos de inspección educativa** que realizarán a supervisión do desenvolvemento do programa e o asesoramento necesario para garantir o seu adecuado funcionamento.

a.2) A **Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa** que asesorará e asistirá os centros educativos na aplicación do programa.

a.3) A **formación específica** para o equipo directivo e para o profesorado implicado na elaboración do Plan estratéxico de mellora.

# PROA+: normativa autonómica

## Sexta. Compromisos

b) A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, poderá dotar os centros dunha asignación orzamentaria, con cargo á partida de gastos de funcionamento.

De ser o caso, **as actividades panca propostas que coincidan coas desenvolvidas por medio doutros plans ou programas promovidos por esta consellería non poderán ser obxecto de financiamento adicional.**



# PROA+: normativa autonómica

## HORARIOS PROFESORADO

	PRIMARIA (xornada completa)	PRIMARIA (xornada reducida)	SECUNDARIA (xornada completa)	SECUNDARIA (xornada reducida)
<b>HORARIO LECTIVO</b>	25	12,5	20	10
<b>TITORÍA</b>			1	0,5
<b>GARDAS</b>			2	1
<b>HORARIO PRESENCIAL NON LECTIVO</b>	5	2,5	7	3,5
<b>HORARIO NON PRESENCIAL</b>	7,5	3,75	7,5	3,75
<b>TOTAL</b>	37,5	18,75	37,5	18,75



## Principios pedagógicos PROA +

- A **equidade**, que garanta a igualdade de oportunidades no acceso, o proceso e resultados educativos, e a non segregación dentro dos centros.
- A **educación inclusiva** como principio fundamental, onde todos os mozos aprenden xuntos e aténdese a diversidade de todo o alumnado.

## Principios pedagógicos PROA +

- **Expectativas positivas** sobre las posibilidades de éxito de todo el alumnado.
- **Acompañamiento e orientación, prevención e detección temprana de las dificultades de aprendizaje**, e posta en marcha de mecanismos de reforzo tan pronto se detectan as dificultades.

# Principios pedagógicos PROA +

- Relevancia da **educación non cognitiva** (socioemocional) para as aprendizaxes e benestar futuro.
- Uso do **coñecemento acumulado** para a mellora continua do proceso de ensino aprendizaxe.

## OBXECTIVOS

- a) Incrementar os graduados post ESO
- b) Reducir o abandono temprano

### Obxectivos INTERMEDIOS (diferenciando por grupos de necesidade)

- c) Incrementar os resultados escolares cognitivos e socioemocionais
- d) Reducir a repetición
- e) Reducir o alumnado con dificultades para o aprendizaxe
- f) Reducir o absentismo escolar e mellorar as fases do proceso de aprendizaxe

### Obxectivos de ACTITUDES NO CENTRO de educación (facilitadores do éxito)

- g) Conseguir e manter un bo clima no centro de educación
- h) Conseguir e manter un bo nivel de satisfacción de aprender e ensinar
- i) Conseguir e manter expectativas positivas do profesorado sobre todo o alumnado
- j) Avanzar hacia unha escola inclusiva e sen segregación interna no centro

### Obxectivos de desenvolvemento de ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES PANCA

- k) aplicar liñas estratéxicas e actividades panca facilitadoras dos obxectivos intermedios e actitudes no centro

### Obxectivos de RECURSOS

- l) Estabilidade do profesorado e formar no liderazgo pedagóxico nas competencias necesarias para reducir o abandono temperado
- m) Integrar a educación formal, non formal e informal para conseguir os obxectivos intermedios
- n) Utilizar os recursos de forma eficaz e eficiente para reducir o abandono temprano e incrementar o éxito escolar (equidade + alternativa coste eficiente)

### Obxectivos do ENTORNO que inciden nos obxectivos intermedios

- o) Colaborar na consecución dunhas condicións mínimas de educabilidade no alumnado (condición necesaria para o alumnado vulnerable)
- p) Axudar a reducir a segregación entre centros.

# Ámbito de actuacións do programa

- Cada liña estratéxica PROA+ correspóndese cun ámbito de actuacións orientado á consecución dos obxectivos establecidos a través de actividades panca enmarcadas nos mesmos:
  1. **Alumnado vulnerable:**
    - Identificación e xestión das barreiras que dificultan o éxito escolar.
    - Plan e modelo de tutoría individualizado.
    - Deseño do acordo pedagóxico.
    - Actividades de reforzo.
  2. **Actitudes no centro:**
    - Xeración de expectativas positivas para todo o alumnado.
    - Plan de desenvolvemento inclusivo do clima do centro.
    - Plan de igualdade.

# Ámbito de actuacións do programa

## 3. **Procesos de ensino/aprendizaxe:**

- Detección de barreiras para a adquisición das competencias básicas.
- Plan para superar as dificultades de aprendizaxe, TIC/TAC/TEP.
- Plan de desenvolvemento de competencias socioemocionales.

## 4. **Centro e administración educativa:**

- Plan estratéxico de mellora e actividades panca, núcleo do programa.
- Plan de acollida, acompañamento e desenvolvemento. Favorecer a estabilidade do equipo docente.
- Plan de formación dos profesionais do centro.
- Participación en redes territoriais PROA+

# Avaliación e seguimento

As actuacións estarán sometidas ao seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como as obrigacións específicas relativas á información e publicidade, control, verificación, seguimento e demais obrigacións impostas pola normativa interna e da Unión Europea que para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE establézanse e cuxa aplicación será de obrigado cumprimento.

Os **centros PROA + e os Departamentos de Educación** comprométense a aplicar os mecanismos de seguimento e avaliación fixados en cada acordo con formato de contrato/programa ou similar. O sistema de avaliación incluírá os **indicadores mínimos comúns acordados entre o MEFP e todas as Comunidades Autónomas a nivel global e de cada unha das actividades panca para a correspondente avaliación**. Fixaranse indicadores de **progreso, aplicación, calidade e impacto** para cada actividade panca. O programa e o **Plan estratéxico que o desenvolve avaliarase ao finalizar cada curso pola dirección do centro, a inspección de educación e a comisión de seguimento establecida para o efecto.**

# Avaliación e seguimento

**A avaliación incluírá, entre outros, os seguintes indicadores:**

- Nivel de satisfacción do alumnado, das familias e do profesorado.
- Alumnado absentista.
- Alumnado que repite.
- Porcentaxe de alumnado que supera as materias básicas.
- Alumnado que supera o curso ou ciclo.
- Alumnado que continúa estudos posobligatorios.



# Moitas grazas